

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA E BIOPROCESOS

- Día: Martes 2 de maio de 2023
- Lugar: Sala X3.2 (ETSE) + MS-Teams
- Hora de inicio: 12:05 h
- Asistentes: José Luis Ares Sainz, Julia González Álvarez, Miguel Mauricio Iglesias, M. Trinidad de Miguel Bouzas, Ramón F. Moreira Martínez, M. Carmen Palacios Oubiña, Eva Rodil Rodríguez, M. Dámaso Rodríguez Fernández, Héctor Rodríguez Martínez, Ana M. Soto Campos.
- Escusan a ausencia: Cristina Díaz Jullien, Anuska Mosquera Corral.

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión da Comisión de data 3-2-2023.
2. Ratificación da aprobación de propostas de TFM 2022-2023.
3. Ratificación da aprobación de horarios 2023-2024.
4. Informes.
5. Alegacións ó Anteproxecto de Modificación da Memoria do título.
6. Novo profesorado para o curso 2023-2024.
7. Convocatoria 2023 da Xunta de Galicia, de mención de excelencia a másters do SUG.
8. Ránking do xornal “El Mundo” 2023.
9. Asuntos de trámite.
10. Rolda aberta de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión da Comisión de data 3-2-2023.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Ratificación da aprobación de propostas de TFM 2022-2023.

O alumnado incluído na táboa seguinte presentou cadansúa proposta de TFM apoiadas polas sinaturas das persoas titoras correspondentes. A Comisión acordou, polo procedemento de urxencia, nas datas indicadas na táboa, aprobar estas propostas.

Alumna/o	Título	Titoras/es	Data de aprobación
Saavedra Castillo, Maylee Yanel	Influencia del secado en las propiedades de oleogel basados en aceite de girasol e hidrocoloides	Daniel Franco Ruiz, Amaya Franco Uría (co-titora)	9-3-2023
Sánchez Carnero, Abel Javier	Valorización de efluentes acuosos en la industria cervecera mediante precipitación de estruvita	Juan M. Garrido Fernández, Luis Alvar Mantiñán (co-titor de empresa)	9-3-2023
Sierra Saiz-Ezquerro, Mar	Caracterización de aceites mediante espectroscopía NIR y validación de la tecnología en la identificación de adulteraciones en la industria alimentaria	Eva Rodil Rodríguez, Beatriz Míguez Alonso (co-titora de empresa), Íker García Esteban-Barcina (co-titor de empresa)	24-4-2023

Ratifícase por asentimento esta aprobación efectuada polo procedemento de urxencia.

3. Ratificación da aprobación de horarios 2023-2024.

Elaborouse desde a Coordinación do MEQB, e en colaboración coas coordinacións de módulo, unha proposta de horarios (incluídos os exames) para o curso 2023-2024. A Comisión acordou, polo procedemento de urxencia con data 10-4-2023, aprobar esta proposta.

Ratifícase por asentimento esta aprobación efectuada polo procedemento de urxencia.

4. Informes.

4.1) Modificación de matrícula para materias do 2º semestre.

Durante o prazo de modificación de matrícula para materias do 2º semestre, estipulado polo Servizo de Xestión Académica entre o 7 e o 14 de febreiro, emitíronse 18 autorizacións preceptivas a estudantes con interese en realizar unha modificación parcial das materias optativas do módulo 4 nas que se matricularan inicialmente.

4.2) Defensa de TFMs, convocatoria de febreiro de 2023.

O 9 de febreiro de 2023 celebráronse as defensas dos 3 TFMs presentados á convocatoria de febreiro de 2023, en modalidade presencial. A constitución final dos tribunais avaliadores foi:

- Tribunal 1: Jaime J. Gómez Márquez, Diego Gómez Díaz, Gumersindo Feijoo Costa (1 TFM).
- Tribunal 2: Jaime J. Gómez Márquez, Diego Gómez Díaz, Juan M. Garrido Fernández (2 TFMs).

4.3) Convocatoria anticipada de matrícula 2023-2024 para estudantes con título de acceso alleo ó Espazo Europeo de Educación Superior.

O 16 de febreiro publicouse a convocatoria anticipada de matrícula en másters da USC no curso 2023-2024 para estudantes con título de acceso non pertencente ó EEES. O prazo de solicitudes abriu o 20 de febreiro e rematou o 14 de abril. Houbo cinco solicitudes, sendo todas elas excluídas.

4.4) Celebración do acto de graduación da 9ª Promoción do MEQB (2021-2023)

O venres 3 de marzo celebrouse no salón de actos da ETSE o acto de graduación da 9ª Promoción do MEQB (2021-2023), presidido pola directora da ETSE e coa presenza de 12 dos integrantes da promoción.

4.5) Presentación sobre as prácticas en empresa e o TFM ó alumnado de 1º do MEQB

O 17 de marzo a coordinadora do módulo 5 Julia González realizou na ETSE unha presentación sobre as prácticas en empresa e o TFM ó alumnado que cursa actualmente o 1º curso do MEQB.

4.6) Actuación da Comisión Redactora de Modificación da Memoria do MEQB

A Comisión Redactora de Modificación da Memoria do MEQB mantivo tres reunións presenciais, con datas 3-3-2023, 21-3-2023 e 23-3-2023. Nelas cristalizaron as directrices e os detalles das modificacións a acometer, e a documentación xerada foi entregada ben á ETSE para aprobación por parte do centro, ou directamente ó SXOPRA. Toda a documentación requirida na etapa de anteproxecto foi entregada en tempo e forma. Esta documentación atópase en exposición pública, rematando hoxe mesmo o prazo.

4.7) Creación de grupo adicional de centro de horas interactivas de laboratorio para a materia "Deseño Conceptual de Procesos"

O SXOPRA notificou o acordo do PDA do MEQB con data 6-3-2023, non aceptándose a petición de incluír un grupo adicional de horas interactivas de laboratorio tal como se solicitara desde a Comisión Académica. En liña co que xa acordou tamén no momento desa solicitude a Comisión Académica, procedeuse entón á petición deste grupo como grupo de centro. O Departamento de Enxeñería Química deu a súa conformidade na súa reunión do 11-4-2023. Finalmente, o grupo foi creado con data 13-4-2023.

5. Alegacións ó Anteproxecto de Modificación da Memoria do título.

A Comisión Redactora de Modificacións da Memoria do MEQB elaborou unha memoria que a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización ten en exposición pública desde o pasado 17 de abril. O prazo para a presentación de alegacións remata hoxe 2 de maio ás 14:00 h.

En base a unha revisión da memoria e a diversos aportes desde o profesorado do máster como de membros do Comité Externo de Apoio ás Titulacións de Enxeñería Química da ETSE, esta Comisión decide presentar o escrito de alegacións que se recolle no Anexo I.

6. Novo profesorado para o curso 2023-2024.

En resposta ás cartas de encargo docente para o curso 2023-2024 remitidas desde a Coordinación ós distintos departamentos, todos os departamentos confirmaron o mesmo profesorado que xa viña impartindo as diferentes materias, a excepción do Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía e, parcialmente, do Departamento de Economía Financeira e Contabilidade.

O Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía comunicou que a profesora M. Trinidad de Miguel Bouzas non podía seguir facéndose cargo da docencia da materia Biocatálise, e no seu canto propoñía ó profesor Carlos Rodríguez Osorio. De acordo co procedemento estipulado, este profesor achegou unha proposta de programación docente para a materia, así como un currículo para evidenciar a adecuación do seu perfil á docencia a asignar. En vista desta documentación, a Comisión manifesta a súa conformidade coa asignación da docencia da materia Biocatálise ó profesor Carlos Rodríguez Osorio.

O Departamento de Economía Financeira e Contabilidade indicou que, para a docencia das materias Creación de Empresas e Xestión Empresarial, ademais de co profesor Juan R. Piñeiro Chousa, que foi quen impartiu integramente esta docencia no presente curso 2022-2023, volverá participar tamén a profesora Noelia M. Romero Castro, que xa foi docente do MEQB nestas materias durante un longo período. Como neste caso se trataba de incorporar a unha antiga docente do título coa que o grao de satisfacción era elevado, obviouse o requirimento de unha proposta de programación docente e do currículo de adecuación da profesora.

7. Convocatoria 2023 da Xunta de Galicia, de mención de excelencia a másters do SUG.

No DOG de 21 de abril de 2023 publicouse a “Orde do 12 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se realiza a convocatoria para a concesión de mención de excelencia a titulacións universitarias oficiais de máster impartidas polas universidades públicas do Sistema universitario [sic] de Galicia no curso académico 2022/23”, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia. Segundo a convocatoria, cada universidade “poderá presentar, como máximo, tres solicitudes”. Para a selección dos seus másters candidatos, a USC publicou unha convocatoria interna, planificada en dúas fases. Cumprindo o MEQB os requisitos para poder optar a esta mención, a Comisión decide participar nesta convocatoria interna da USC, cuxo prazo de presentación de solicitudes para a primeira fase remata o 10 de maio.

8. Ránking do xornal “El Mundo” 2023.

O pasado 10 de abril recibíuse unha mensaxe do Gabinete de Comunicación da USC coa petición de documentación por parte do xornal El Mundo ás universidades para a elaboración do seu suplemento anual “250 Máster” na edición deste ano 2023. A Comisión decide participar un ano máis nesta iniciativa, tomando como base a información aportada en edicións anteriores e introducindo as actualizacións oportunas e as posibles melloras que se albisquen. O prazo marcado polo Gabinete de Comunicación para a remisión desta documentación é o 3 de maio.

Adicionalmente, desde o xornal organizador do suplemento tamén enviaron un modelo de cuestionario para ser distribuído e cuberto por profesorado implicado no máster. Desde a Coordinación distribuírase entre os membros da Comisión Académica. O prazo marcado polo xornal organizador para a remisión destes cuestionarios é o 8 de maio.

9. Asuntos de trámite.

Non hai asuntos que tratar.

10. Rolda aberta de intervencións.

Non hai intervencións.

Sendo as 12:50 h, conclúe a reunión.

En Santiago de Compostela, a 2 de maio de 2023.

Héctor Rodríguez – Coordinador do MEQB

ANEXO I

Alegacións da Comisión Académica do Máster en Enxeñería Química e Bioprosos ó Anteproxecto de Memoria do referido título

Examinada a proposta de memoria modificada do Máster en Enxeñería Química e Bioprosos elaborada pola correspondente Comisión Redactora, a Comisión Académica deste título desexa formular, en base a propostas xurdidas tanto de docentes do mesmo como de membros do Comité Externo de Apoio ás Titulacións de Enxeñería Química da ETSE, as seguintes alegacións:

1. Un nome máis apropiado para o módulo 4, en vista do contido das materias que o integran, sería “Investigación e sostibilidade” (no canto de “I+D+i”).
2. A materia “Enerxía e contaminación atmosférica” debería trocar o seu nome, ó establecer inadecuadamente a asociación dos conceptos “enerxía” e “contaminación”.
3. Na ficha da materia mencionada no punto anterior, na relación de resultados da aprendizaxe debería engadirse o resultado CN01 e substituírse os resultados HD04, HD06 e HD09 polos resultados HD01, HD02 e HD11. Ademais, unha redacción máis adecuada dos contidos sería: “Generación y uso de la energía. Control de la contaminación atmosférica. Emisiones atmosféricas. Contaminantes atmosféricos. Transformación química. Meteorología y dispersión atmosférica.”. Adicionalmente, sería máis axeitado asignar 12 h á docencia teórica e 6 h á docencia interactiva de seminario (no canto das 10 h e 8 h asignadas respectivamente).
4. Na ficha da materia “Transición enerxética”, na relación de resultados da aprendizaxe deberían engadirse os resultados CN04, CP01, CP03, HD05, HD08 e HD11, eliminando o resultado HD06. A maiores, sería máis axeitado asignar 12 h á docencia teórica e 10 h á docencia interactiva de seminario (no canto das 14 h e 8 h asignadas respectivamente).